

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE MAIO

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2338/05.- Gabriel López García.- Rehabilitación vivenda unifamiliar en Frenza, Sta. Cristina de Fecha.-

1442/05.- Silvestre Manuel Peón Pérez.- Viv. unif. en Camiño Lermo núm.29.-

1956/01.- Fincas para aldeas naturais, S.L.- Edificio (2 viv.) na Rúa Pombal núm.28.-

818/06.- O Combarro Sociedade Cooperativa Galega de Vivendas.- Varias edificación para 118 viv. unif. VPA., 34 Viv. unif. de VPA (familia numerosa) 53 viv. colectivas de VPA., nas parcelas 5R-1, 5R-2 e 4B-1 do SUNP-13 de O Castiñeiriño.-

PRÓRROGA.-

738/06.- José M^a. Allo Amarelle, en repr. de Promociones Val do Xallas, S.L.- Viv. unif. en Vilariño, Vilestro, parcela 417-C (+)

OCiHR

Empadroado do Museo do Pobo Galego. Rehabilitación de diversos espazos da ala sul do convento.

5.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa á declaración da responsabilidade patrimonial dunha empresa concesionaria.

Acórdase declarar á empresa Aquagest responsábel dos danos ocasionados no vehículo de Manuel Seijas, e en consecuencia requirirille que proceda ao pago dunha indemnización.

6.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa ao recurso de reposición interposto por unha empresa contra o acordo da sesión do 20.02.06, de esixencia dunha fianza definitiva.

Acéptase parcialmente a reclamación de Aparcamientos Sar SA, reducindo nun 50% o importe da garantía definitiva que deberá depositar o concesionario, que supón un importe de 22.500 euros, e concédese 15 días naturais á empresa para facer efectivo o depósito da cantidade.

7.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á solicitude dunha axuda á Xunta de Galicia para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3.

Acórdase solicitar a devandita axuda.

8.- Proposta do concelleiro delegado de mercados relativa á aprobación dos pregos e inicio do expediente de contratación para a Utilización de bens de uso público municipal na Alameda para a realización de dous Mercados de Artesanía.

Apróbase o prego de cláusulas así como o inicio do expediente para a citada contratación dun mercado de artesanía, establecéndose un canon mínimo a aboar ao Concello polo mercado de 3.005,06 euros. O mercado celebrarase entre os días 15 e 30 de xuño.

9.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa á adxudicación das obras de alumeadado público na rúa da MUIÑA.

Adxudícase a licitación de referencia á empresa OVIGA Sal por importe de 38.700 euros e un prazo de execución de 4 meses.

10.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa á adxudicación do Subministro de maquinaria para a realización de regrueso para equipamento do centro de formación ocupacional de ARINS.

Acórdase o subministro da maquinaria por un importe de 6.078,40 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa á adxudicación da realización da edición 2006 do concurso de Escaparatismo SCQ SHOPPING.

Acórdase a realización do concurso por un importe de 46.000 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa á adxudicación do subministro de xogos infantís para a área de xogos do parque de San Xoán de Vista Alegre.

Adxudícase o subministro de xogos á empresa HPC Ibérica SA por importe de 47.875,71 euros.

13.- Proposta da Alcaldía relativa á prórroga do servizo de creación, cobertura e mantemento do arquivo fotográfico do Concello.

Acórdase prorrogar o devandito servizo, por un importe de 26.483,38 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á prórroga por 6 meses, do contrato de Prestación do servizo de vixilancia e seguridade das dependencias do departamento de Servizos Sociais.

Acórdase prorrogar o devandito contrato por 6 meses a contar desde o 1 de xuño por un importe de 27.500 euros.

15.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á aprobación do prego e inicio da contratación da asistencia técnica para a realización dunha auditoría dos proxectos de obras do Concello financiados con fondos europeos.

Apróbase o prego e inicio da contratación establecéndose o tipo de licitación por prezos unitarios:

-Por auditoría de cada proxecto finalizado a 31 de decembro de 2005: 2.500 euros.

-Por auditoría de cada certificación dun proxecto en execución: 800 euros pola primeira certificación e 300 euros polas sucesivas.

16.- Proposta do concelleiro delegado de turismo relativa á aprobación da 1ª relación de gastos xustificativos do convenio entre o Concello e INCOLSA para a execución do plano de competitividade turística.

Apróbase a primeira relación de gastos xustificadas da execución do Convenio por importe de 252.076,11 euros, dos que o Concello achega 249.751,85 euros a INCOLSA.

17.- Contratación dunha operación de tesourería para o Auditorio de Galicia.

Acórdase a devandita contratación por importe de 300.000 euros coa entidade Banco Gallego.

18.- Nomeamento de diversos funcionarios.

Acórdase nomear os conserxes (grupo D) Carlos Cajaraville, José Manuel Carpinteiro e José Manuel Ferro.

19.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a diversas solicitudes de exención nas taxas polo subministro de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración e recollida e tratamento de RSU.

Acórdase conceder as devanditas solicitudes de exención.

20-102.- Diversas propostas do Concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a beneficios fiscais no Imposto de bens inmobles, de vehículos de tracción mecánica e de construcións, instalacións e obras.

Apróbanse as devanditas propostas.

103.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación provisional do solo urbanizábel non programado número 26 (SUNP-26) de Munín.

Apróbase provisionalmente o devandito solo.

104.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Fogar español de Montevideo para 2006, para a atención integral dos santiagueses aloxados naquel.

Dáse conta desta sinatura.

105.- Dar conta da sinatura da 1ª addenda - prórroga ao convenio de cooperación para programas de tratamento de drogodependencias entre o Concello e a Xunta de Galicia.

Dáse conta da devandita sinatura, a través da cal a consellería aboará para o 2006 a cantidade de 421.725,23 euros.

106.- Dar conta da sinatura do Convenio marco para a realización de prácticas tuteladas entre o refuxio de animais do Concello de Santiago e a USC.

Dáse conta desta sinatura.